



PROBAS DE ACCESO A GRAO MEDIO 2010

INSCRICIÓN PARA A PROBA

Do 1 ao 12 de marzo

PUBLICACIÓN LISTAXE PROVISIONAL DE INSCRITOS

16 de marzo

RECLAMACIÓN A ESTA LISTAXE PROVISIONAL

17, 18 e 22 de marzo

PUBLICACIÓN LISTAXE DEFINITIVA

31 de marzo

PUBLICACIÓN PROVISIONAL DE EXENCIÓNS

29 de abril

RECLAMACIÓN CONTRA A LISTAXE DE EXENCIÓNS

30 abril e 3 e 4 de maio

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE EXENCIÓNS

14 de maio

PUBLICACIÓN DOS CENTROS ONDE SE REALIZARÁ A PROBA

30 de abril

CELEBRACIÓN DA PROBA

4 de xuño

PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

17 de xuño

RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS

18, 21 e 22 de xuño

PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS

28 de xuño

ENTREGA DOS CERTIFICADOS DE SUPERACIÓN DA PROBA

29 de xuño

CARACTERÍSTICAS DA PROBA

REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NA PROBA DE ACCESO AO GRAO MEDIO

Ter cumpridos **dezasete anos** ou os cumbran no ano natural de realización da proba.

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA.

Estruturaránse en tres partes:





A) PARTE SOCIOLINGÜÍSTICA: tomará como referencia as competencias básicas de comunicación lingüística e a competencia básica social e cidadá. Organizarase en tres probas:

- ☒ **Lingua castelá.**
- ☒ **Lingua galega.**
- ☒ **Ciencias sociais.**

B) PARTE MATEMÁTICA: tomará como referencia as competencias básicas de matemáticas. Organizarase nunha única proba:

- ☒ **Matemáticas.**

C) PARTE CIENTÍFICO-TÉCNICA: tomará como referencia as competencias básicas de coñecemento e interacción co mundo físico. Organizarase en dúas probas:

- ☒ **Ciencias da natureza.**
- ☒ **Tecnoloxía.**

EXENCIONS PARA AS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO.

EXENCIÓN PARCIAL

Deberase formulalo no momento da inscrición.

A) EXENCIÓN DA PARTE SOCIOLINGÜÍSTICA DA PROBA:

- ☒ Certificación académica de ter superados os ámbitos social e de comunicación dun programa de cualificación profesional inicial ou do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas.

B) EXENCIÓN DA PARTE MATEMÁTICA E DA PARTE CIENTÍFICO- TÉCNICA DA PROBA:

- ☒ Certificación académica de ter superado o ámbito científico-tecnolóxico dun programa de cualificación profesional inicial ou do nivel II da educación secundaria para as persoas adultas.

C) EXENCIÓN DA PARTE CIENTÍFICO-TÉCNICA DA PROBA,

Acreditando unha das seguintes circunstancias:

- ☒ Certificación académica de ter superados os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial.
- ☒ Certificado de profesionalidade de calquera nivel.
- ☒ Acreditación como mínimo dun ano de experiencia laboral en xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballase. As persoas interesadas deberán cumprir este requisito con anterioridade ao remate do período de inscrición para as probas.
- ☒ *** O alumnado que estea a cursar un PCPI poderá solicitar a exención da parte científico técnica. Para elo deberá presentar un certificación acreditativa de estar cursando o PCPI. Esta exención quedará condicionada a que supere todos os módulos obrigatorios do programa antes da realización da proba de acceso.**

CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO.

A cualificación de cada unha das partes da proba será numérica, entre cero e dez puntos.

A **nota final da proba** calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro puntos en cada unha das partes, e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Será positiva a cualificación de **cinco puntos ou superior**.

Para os efectos de cálculo da nota final da proba de acceso non se terán en conta as partes da proba das que a persoa participante fora declarada exenta.

No caso de **superación da totalidade da proba**, a devandita certificación dará acceso a **calquera ciclo formativo de grao medio**, nas condicións de admisión que se establezan.

Manterase a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco, en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia durante un máximo de dous anos. As persoas interesadas en acollerse a esta posibilidade deberano acreditar no momento de formalizar a inscrición.

